



# BOP

SÁBADO, 23 DE FEBREIRO DE 2019

N.º 046

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA.

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

BEGASA solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63304.

As obras solicitadas consisten na construción dunha canalización de baixa tensión soterrada, de 24 metros de lonxitude, e dúas arquetas para o subministro de enerxía na parcela con referencia catastral 1199523PJ1319N0001PG, na zona de policía do rego da Regueira, no lugar do Fontao, na parroquia de Santa María de Suegos, no concello do Vicedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 7 de febreiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0480

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

BEGASA solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.64013.

As obras solicitadas consisten na canalización de baixa tensión soterrada duns 24 metros para dar servizo á vivenda sita na parcela con referencia catastral 1199522PJ1319N0001QG, na zona de policía do rego da Regueira, no lugar de Fontao, na parroquia de Suegos, no concello do Vicedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 7 de febreiro de 2019, A xefa do servizo territorial.- Rocío Carreira Carral.

R. 0479

*Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

José Expósito Prado solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.64709.

As obras solicitadas consisten na execución do peche perimetral do predio situado na parcela 2331 do polígono 10 da concentración parcelaria, na zona de policía de leitos dun rego innominado, no lugar da Rexedreira, na parroquia de Santiago de Adelan, no concello de Alfoz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Alfoz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 7 de febreiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0481

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, MOCIDADE E DEPORTE

#### *Anuncio*

#### **BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2019**

A presente liña de axudas insírese dentro das previsións reflectidas no Plan Estratéxico da Deputación de Lugo 2017-2019, liña 4.2 Deportes, co obxectivo de promover e difundir o deporte e a súa práctica por todos os sectores da poboación, potenciando a mellora do deporte na provincia de Lugo, apoiando as actividades e a participación dos clubs/entidades da provincia de Lugo en ligas ou campionatos oficiais e axudar ás entidades á organización de eventos deportivos.

#### **1. DEFINICIÓN DO OBXECTO DA SUBVENCIÓN**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2019. En consecuencia, quedan excluídas da presente convocatoria as sociedades anónimas deportivas.

#### **A. Liña de axudas á actividade competitiva federada**

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia) que desenvolvan a súa participación en competicións organizadas polas respectivas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A destas bases e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base e que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo, sen prexuízo, no seu caso, da respectiva estrutura e distribución xeográfico-deportiva de cada unha das distintas categorías, campionatos e competicións de cadansúa federación deportiva. As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar creados como máximo a data 31 de decembro de 2018.

- O orzamento financiable componse dos seguintes gastos subvencionables:
  - Gastos de persoal. Serán subvencionables os gastos do seguinte persoal, con contrato laboral coa entidade ou club deportivo solicitante, ou de acreditar ter contratado os servizos con terceiros:

- técnico deportivo
- adestrador/a
- fisioterapeuta
- preparador físico
- monitor/a deportivo/a

- Gastos federativos: licenzas e dereitos de participación e inscrición en competicións, cotas de mutualidades deportivas, primas e cotas de afiliación a seguros e mutualidades deportivos.

Enténdase gastos federativos necesarios para a participación desas entidades e clubs deportivos nas respectivas competicións deportivas (licenzas, inscricións e mutualidades), dentro da liña de actividade competitiva, sempre que ese gasto se acredite como pagado, dentro do período de realización da actividade e dentro do respectivo período federativo, que vincule tal gasto á súa participación na competición de que se trate.

- Gastos de arbitraje, comisarios deportivos e xuíces deportivos: deberá acreditarse mediante a respectiva factura, na que se indiquen partidos disputados coas respectivas datas.

- Gastos de material deportivo non inventariable preciso para a actividade competitiva para a que se solicita a axuda: por exemplo, balóns, redes, colchonetas, raquetas, aros, etc....
- Gastos de vestimenta deportiva do club/entidade solicitante para a disciplina deportiva na que figuren inscritos e para a que soliciten a axuda.
- Gastos de transporte: desprazamentos do club/entidade solicitante por asistencia á competición da disciplina deportiva na que figuren inscritos e para a que soliciten a axuda.
- Gastos de combustible: (ver condicións nos seguintes parágrafos)
- Gastos de seguro de responsabilidade civil e de cobertura de accidentes da actividade competitiva.

Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Os gastos de transporte serán subvencionables, primeiro, no caso de ter contratado a un terceiro (coche alugueiro, autocar, etc.) até o importe total soportado pola entidade; ou segundo, cando tendo vehículo propio da entidade, os gastos de combustible que este orixine e que estean directamente relacionados coa actividade e sexan indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma até un importe máximo que non supere o 30 % do custo total da actuación.

Este último criterio, de limitación do 30%, non será de aplicación para os gastos de transporte derivados da contratación a un terceiro ou dos gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, utilizado expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindibles para a práctica da correspondente disciplina deportiva (exemplo; bicicletas, piraguas, canoas, embarcacións de remo e análogos) que estean recoñecidos e se reflictan nos respectivos regulamentos técnicos oficiais.

Quedan excluídas desta liña de axudas á actividade competitiva, tanto as federacións deportivas, as delegacións provinciais de federacións e as sociedades anónimas deportivas.

Non serán subvencionables os gastos de aloxamento, de hostalería, comidas e restauración, nin as sancións federativas, nin os gastos xerais da entidade organizadora, a adquisición de material de oficina, informática ou similar.

En todo caso, os gastos financiáveis indicados anteriormente e que deberán reflectirse no respectivo orzamento de solicitude deberanse cinxir aos gastos directa e estritamente necesarios para o desenvolvemento e execución da actividade deportiva para a que se solicita a axuda e inequivocamente relacionados con ela.

#### **B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo**

Axudas destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia de Lugo) que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual na provincia de Lugo e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva e con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, dentro das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que figura na súa páxina web e que se relaciona no ANEXO A desta convocatoria e que desenvolvan a actividade deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo. As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar creados como máximo a data 31 de decembro de 2018.

- O orzamento financiável está composto polos seguintes gastos subvencionables:
  1. Gastos de persoal preciso para a realización e desenvolvemento do evento: gastos de contratación de persoal, técnicos e/ou especialistas deportivos, ou persoal de preparación, control e seguemento técnico e loxístico da actividade, desenvolvemento e soporte do evento.
  2. Premios económicos en metálico: deberán realizarse as súas respectivas retencións conforme a normativa aplicable.
  3. Gastos megafonía, equipos e aplicacións informáticas, gastos de cronometraxe, chips, xestión inscricións, outro tipo de gastos de carácter técnico debidamente acreditado.
  4. Medallas e trofeos: destinados directa e expresamente ao evento.
  5. Alugueiro de instalacións, ou de elementos técnicos-loxísticos e de sinalización necesarios e imprescindibles para a celebración do evento.
  6. Gastos federativos, xuíces e árbitros.
  7. Primas de seguros exclusivamente para o evento: de responsabilidade civil e de accidentes
  8. Gastos de publicidade do evento, especificamente desenvolvidos para a publicidade do evento: carteleira, publicidade, redes sociais e elementos de promoción.

9. Gastos de cobertura sanitaria do evento: contratación de ambulancias e ambulancias medicalizadas, fisioterapia e médico.

10. Gastos de organización: empresas de organización de eventos.

Todos os gastos deberán acreditarse mediante a respectiva factura e no seu caso, a respectiva certificación federativa.

Os gastos de persoal deberán acreditarse mediante nóminas, IRPF e seguridade social ou no seu caso, con respectiva factura relativa aos servizos prestados por terceiro, á entidade ou club beneficiario.

Non serán subvencionables os gastos de aloxamento, de hostalería, comidas e restauración, transporte, nin as sancións federativas, nin os gastos xerais da entidade organizadora, a adquisición de material de oficina, material informático inventariable ou similar.

En todo caso, os gastos financiados indicados anteriormente e que se reflectirán no respectivo orzamento de solicitude, deberán cinxir aos **gastos estritamente necesarios** para o desenvolvemento do evento deportivo e directamente derivados do seu desenvolvemento e execución.

Non terán a consideración de evento deportivo nin se considerará subvencionable, a organización por parte dun club/entidade deportiva ou delegación deportiva, de competicións regulares tales como ligas ou torneos entre asociados e clubs, que non teñan a consideración de competición federada oficial por parte da correspondente federación.

Non serán subvencionables os cursos deportivos formativos.

### **Réxime da convocatoria**

As subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ano 2019, obxecto desta convocatoria teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade subvención (código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 93.1), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Os datos do parágrafo anterior refírense á información para a Base de Datos Nacional de Subvencións.

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>

## **2. GASTOS SUBVENCIONABLES**

De conformidade co disposto no artigo 23 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, enténdese por gastos subvencionables o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada liña das finalidades.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por orzamento financiable o constituído polo custo soportado pola entidade solicitante ou beneficiaria das axudas públicas segundo os gastos subvencionables definidos para cada unha das liñas das finalidades reflectidas no punto 1. Do mesmo xeito, os gastos serán os estritamente necesarios.

Para os efectos do disposto no artigo 31.1 e 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, considérase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e/ou xustificantes de gasto, sendo necesario que este se atope pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación e que se acredite o seu pagamento. Soamente será necesario indicar as datas de pagamento das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Non se subvencionarán aquelas actividades de carácter relixioso, político, militar, e en xeral, que sexan corporativas restritivas, dado que o seu fin non é a promoción dos recursos e manifestacións deportivas para a poboación xeral, senón exclusivamente entre o colectivo dos seus asociados/as e das súas familias (dado que non se trata de asociacións e colectivos abertos á poboación en xeral, senón a membros, familiares e persoas xurídicas vinculadas a un colectivo concreto).

De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actividades e actuacións que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Polo menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

### 3. REQUISITOS QUE DEBERÁN REUNIR OS BENEFICIARIOS

As entidades e clubs deportivos solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, inscrición que se acreditará con copia do certificado de inscrición no rexistro deportivo da Xunta de Galicia no que conste o domicilio social do club/entidade ou copia de documento acreditativo análogo expedido pola delegación ou xefatura territorial competente, á data de publicación do extracto da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán os dereitos e obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 5, da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, e en todo caso:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades e clubs deportivos que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases da convocatoria se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as **entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo** (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas na presente convocatoria en cada unha das distintas liñas de axudas.

○ Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (**actividade competitiva**) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe da súa páxina web no momento de aprobación destas bases e que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base, que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo.

○ Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (**organización de evento deportivo**) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL (duración entre 1-6 horas a máis de 80) na provincia de Lugo das disciplinas e especialidades deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe da súa páxina web no momento de aprobación destas bases e que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa. O evento para o que se solicite a axuda cinguirase unicamente a un (1) único evento de carácter puntual.

Para os efectos indicados, e dentro da liña A de axudas (ACTIVIDADE COMPETITIVA), a entidade ou club deportivo solicitante deberá acreditar mediante certificación federativa a súa inscrición na respectiva competición oficial federada para a disciplina e especialidade para a que solicita a axuda.

Quedan expresamente excluídos da presente convocatoria ás entidades/clubs que desenvolvan a súa actividade competitiva na especialidade de rally (montaña, terra e asfalto) dentro da disciplina deportiva do automobilismo, dado o compromiso da Deputación de Lugo con este deporte posto de manifesto en distintas axudas.

Non poderán ser beneficiarios de axudas dentro da liña de actividade competitiva da presente convocatoria, nin as sociedades anónimas deportivas, nin aquelas entidades e clubs deportivos que sexan beneficiarias dunha axuda no procedemento de concorrencia non competitiva na anualidade 2019.

Así mesmo, quedan expresamente excluídos da liña de axudas de actividade competitiva da presente convocatoria aqueles clubs e entidades deportivas que contén no orzamento da Deputación de Lugo da anualidade 2019 cunha subvención nominativa destinada a sufragar a actividade competitiva e/ou gastos de tempada do respectivo beneficiario e para a mesma disciplina e actividade, agás aquelas entidades cuxa axuda nominativa estea expresamente destinada ao financiamento da promoción do deporte feminino na respectiva disciplina e do respectivo beneficiario.

Quedan expresamente excluídos da liña de axudas de eventos deportivos aquelas entidades ou clubs deportivos que contén no orzamento da Deputación Provincial de Lugo da anualidade 2019 unha subvención nominativa para o mesmo evento deportivo.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, quen concorra nalgunha das seguintes circunstancias:

a. Que fose condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

- b. Que solicitase a declaración de concurso voluntario, fose declarado insolvente en calquera procedemento, se atope declarado en concurso, agás que este adquirise a eficacia dun convenio, estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c. Que dese lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que desempeñen a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 5 /2006 de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/ 1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou por se tratar de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/ 1985 de 19 de xuño, do réxime electoral xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e. Non estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f. Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g. Non estar ao corrente do pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h. Que fose sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións conforme a esta ou a outras leis que así o establezan.
- i. Non poderán acceder á condición de beneficiarios as agrupacións previstas no segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 11 desta lei cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
- j. As prohibicións de obter subvencións afectarán tamén a aquelas empresas das que, por razón das persoas que as rexen ou doutras circunstancias, poida presumirse que son continuación ou que derivan, por transformación, fusión ou sucesión, doutras empresas nas que concorresen aquelas.
- k. Atoparse nalgún dos supostos que impidan a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### 3.a Obrigas dos beneficiarios

- a. Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial, no prazo máximo de quince días, a partir da notificación do outorgamento, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b. Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- c. Acreditar ante a Excm. Deputación Provincial a realización da actuación ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- d. Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a pola Excm. Deputación Provincial, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e. Comunicar á Deputación Provincial a obtención de subvencións/axudas ou patrocinios (sen achega económica) para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou Entes Públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f. Comunicar, no seu caso, a solicitude de declaración de concurso voluntario, de declaración de insolvente en calquera procedemento, e declaración en concurso, e no seu caso da sentenza de eficacia dun convenio, ou se estiver suxeito a intervención xudicial ou fose inhabilitado conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- g. Acreditar que se acha ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. A devandita acreditación poderá realizarse mediante declaración baixo a súa responsabilidade. Non entanto, a Deputación poderá solicitar estes certificados, se así o considera, aos organismos correspondentes. Para estes efectos os beneficiarios poderán acompañar autorización do representante da entidade para que a Deputación poida solicitar estas certificacións fronte aos citados organismos, segundo o modelo normalizado.
- h. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- i. Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.

- j. Os perceptores da subvención poderán subcontratar o 100% do importe das actividades obxecto da mesma.
- k. Os beneficiarios da subvención incluírán a imaxe corporativa da área de deportes da Excm. Deputación Provincial e utilizarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Así mesmo, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.
- l. De igual xeito este ano establécese que, cando menos o 5% do custo total da actividade subvencionada, deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.
- m. En caso de solicitar subvención para equipos con deportistas menores de idade, ou para a organización de eventos deportivos nos que participen deportistas menores de idade, os clubs e entidades solicitantes asumen a responsabilidade de que todo o persoal ao que lle corresponde a realización destas actividades (incluído o voluntariado), cumpra co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento Civil e do artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

### 3.b Protección de datos de carácter persoal

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases da convocatoria e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

### 3. c. Anticipo

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

## 4. CARÁCTER DA SUBVENCIÓN

As subvencións que se concedan segundo as presentes bases reitoras da convocatoria e de acordo co Plan Estratéxico de Subvencións para a Excm. Deputación Provincial de Lugo 2017-2019, terán carácter voluntario e eventual.

A Corporación Provincial, por medio da Xunta de Goberno, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, se é o caso, reducilas por causas debidamente xustificadas.

A concesión de subvencións para a anualidade de 2019, non xeran ningún dereito á obtención de subvencións en convocatorias posteriores.

En calquera caso, a Deputación Provincial, quedará exenta de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

## 5. ORZAMENTO

A cantidade destinada para a concesión de "SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA AXUDAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS" obxecto da convocatoria do ano 2019, será de cinco centos mil euros (500.000,00 €) con cargo á aplicación 3410/48900 do orzamento do presente ano 2019, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións desta Excm. Deputación Provincial de Lugo 2017-2019, Área de Deportes na súa liña 4.2 DEPORTES.

A distribución da aplicación nas diversas categorías das finalidades desta convocatoria quedará constituída da seguinte maneira:

|                                                            |                     |
|------------------------------------------------------------|---------------------|
| <b>A. Liña de axudas á actividade competitiva federada</b> | <b>415.000,00 €</b> |
| <b>B. Liña de axudas para eventos deportivos</b>           | <b>85.000,00 €</b>  |

Na liña de axudas a actividade competitiva federada, na que se propón un importe total a distribuír de 415.000,00 €, establece o seguinte cadro de distribución dos respectivos importes totais tomando como base o número de licenzas oficiais das distintas disciplinas deportivas:

| <b>DISCIPLINAS DEPORTIVAS</b>                                  | <b>IMPORTES</b> |
|----------------------------------------------------------------|-----------------|
| FÚTBOL (inclúe as modalidades de FÚTBOL: fútbol e fútbol sala) | 180000          |
| BALONCESTO                                                     | 35000           |
| CICLISMO                                                       | 22000           |
| PIRAGÜISMO                                                     | 20000           |
| ATLETISMO                                                      | 25000           |

|                                                                                                                                                                                                  |               |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------|
| XIMNASIA, PATINAXE E BAILE DEPORTIVO                                                                                                                                                             | 22000         |
| TRIÁTLON                                                                                                                                                                                         | 5000          |
| BALONMÁN                                                                                                                                                                                         | 10000         |
| NATACIÓN                                                                                                                                                                                         | 8000          |
| VOLEIBOL                                                                                                                                                                                         | 7000          |
| DEPORTES DE RAQUETA (TENIS, TENIS DE MESAS, PÁDEL, BÁDMINTON, SQUASH)                                                                                                                            | 22000         |
| DEPORTES DE COMBATE (TAEKWONDO, JUDO, KARATE, KICKBOXING, LOITAS OLÍMPICAS, BOXEO )                                                                                                              | 22000         |
| DEPORTES CON ARMAS E CAZA (TIRO AO VOO, TIRO CON ARCO, TIRO OLÍMPICO, CAZA, ESGRIMA)                                                                                                             | 4000          |
| DEPORTES CON ANIMAIS (COLOMBICULTURA, CUMBOFILIA, GALGOS, PÉNTATLON MODERNO, HÍPICA, POLO)                                                                                                       | 3000          |
| DEPORTES NO MEDIO NATURAL (ESPELEOLOXÍA, ORIENTACIÓN, DEPORTES DE INVERNO, PESCA E CASTING)                                                                                                      | 5000          |
| DEPORTES MEDIO ACUÁTICO (SURF, VELA, REMO, SALVAMENTO E SOCORRISMO, ESQUÍ NÁUTICO, ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS, MOTONÁUTICA)                                                                        | 4000          |
| OUTROS DEPORTES (MONTAÑA E ESCALADA, XADREZ, BÉISBOL E SOFBOL, AERONÁUTICA, BILLAR, FÚTBOL AMERICANO, HALTEROFILIA, MOTOCICLISMO, RUGBY, GOLF, HÓCKEY, PELOTA, BIRLOS, PETANCA, DEPORTES DE XEO) | 21000         |
| <b>TOTAL</b>                                                                                                                                                                                     | <b>415000</b> |

As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada mais os fondos propios non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento.

## 6. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instructor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaría Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas nos artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios/as da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instructor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución. A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar – de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, téndose en conta, así mesmo, para a concesión das subvencións os seguintes criterios de acordo coas diferentes liñas:

### Criterios xerais para a valoración das solicitudes na concesión das subvencións:

1. Para efectuar a valoración dos méritos deportivos teranse en conta as seguintes regras:

a. Nos supostos en que os documentos de méritos e circunstancias deportivas presentados se atopen incompletos ou padezan de defectos esenciais que impidan ou dificulten gravemente a aplicación dos correspondentes criterios de valoración, asignarase de oficio unha valoración de cero puntos nos criterios afectados.

b. No suposto en que os documentos conteñan discrepancias ou incongruencias nos datos presentados, para a valoración tomaranse en consideración exclusivamente os datos de menor incidencia en aplicación dos criterios de valoración afectados.

### CRITERIOS DE BAREMO PARA A LIÑA DE AXUDAS Á ACTIVIDADE COMPETITIVA

#### A. RENDEMENTO DEPORTIVO

**a.1 Ascenso de categoría.** Asignarase a puntuación establecida por cada equipo da entidade/club que lograra un ascenso de categoría na temporada 2017/2018. **(Ata un máximo de 30 Puntos)**



| Puntuación por cada equipo da entidade/club que acadara o ascenso de categoría na temporada 2017/2018 | Masculino | Feminino / Mixto | Capacidades Diferentes |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------|------------------------|
| Biberóns/Prebenxamín/Benxamín                                                                         | 1         | 1,5              | 2                      |
| Alevín                                                                                                | 1         | 1,5              | 2                      |
| Infantil                                                                                              | 1,5       | 2                | 3                      |
| Cadete                                                                                                | 1,5       | 2                | 3                      |
| Junior/Xuvenil/Promesas                                                                               | 2         | 3                | 4                      |
| Senior/Absoluto                                                                                       | 3         | 4                | 5                      |
| Veterano/Elite/Master                                                                                 | 1         | 2                | 3                      |

Puntuarase por cada ascenso logrado pola entidade/club solicitante de acordo co cadro anterior, e con independencia da categoría. Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

**a.2 Mérito deportivo.** Asignarase a puntuación establecida por cada deportista da entidade/club que coa súa participación en equipo oficial federado lograra un campionato estatal ou internacional federado na temporada 2017/2018. (Ata un máximo de 30 Puntos)

| Puntuación por cada deportista da entidade/club que lograra un campionato estatal/internacional na temporada 2017/2018 | Masculino | Feminino / Mixto | Capacidades Diferentes |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------------------|------------------------|
| Campión Estatal                                                                                                        | 1         | 1,5              | 2                      |
| Campión Internacional                                                                                                  | 2         | 2,5              | 3                      |

Puntuarase por cada campionato estatal ou internacional logrado polos deportistas da entidade/club de acordo co cadro anterior, e con independencia da categoría. Tal circunstancia deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

## B. INCIDENCIA SOCIAL

**b.1 Porcentaxe que representa o número total de licenzas federativas de carácter competitivo da entidade ou club deportivo na disciplina deportiva para a que solicita a axuda,** en relación ao número total de licenzas da respectiva disciplina na provincia de Lugo, a 31 de decembro de 2018. (Ata un máximo de 20 Puntos)

|                            |            |
|----------------------------|------------|
| Menos do 10%               | 2,5 puntos |
| Entre o 10% e menos do 30% | 5 puntos   |
| Entre o 30% e menos do 50% | 10 puntos  |
| Entre o 50% e menos do 70% | 15 puntos  |
| 70% ou máis                | 20 puntos  |

Tal circunstancia (número total de licenzas do club/entidade na disciplina para a que solicita a axuda e número total de licenzas na provincia) deberá acreditarse expresamente por parte do solicitante coa correspondente certificación federativa. De non acreditarse tal circunstancia, a puntuación asignada de oficio, será 0 puntos.

**b.2 Número total de licenzas federativas de carácter competitivo da entidade ou club deportivo, na disciplina para a que solicita a axuda,** en función das categorías do club/entidade, con especial referencia aos de categorías de base e respectando a igualdade de xénero e de oportunidades. (Ata un máximo de 70 puntos).

| Categorías do club/entidade   | Puntuación por cada unha das licenzas en equipo masculino | Puntuación por cada unha das licenzas en equipo feminino/mixto | Puntuación por cada unha das licenzas en equipo de capacidade diferentes |
|-------------------------------|-----------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------|
| Biberóns/Prebenxamín/Benxamín | 0.15                                                      | 0.20                                                           | 0.25                                                                     |
| Alevín                        | 0.15                                                      | 0.20                                                           | 0.25                                                                     |
| Infantil                      | 0.20                                                      | 0.25                                                           | 0.30                                                                     |
Visto que se emitió informe de Intervención sobre la existencia de crédito para la atención del gasto derivado de la concesión de dichas subvenciones y se efectuó la pertinente retención del crédito disponible.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en el artículo 20 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y en las bases de ejecución del presupuesto.

### RESUELVO

**Primero.** Avocar la competencia únicamente para resolver los asuntos a que se refiere este Decreto, la cual había sido delegada por Decreto n.º134 de fecha 17 de noviembre de 2016, en la Junta de Gobierno Local.

**Segundo.** Aprobar la convocatoria pública de subvenciones municipales PARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (A.R.I.) ZONA AMPLIADA DO CONCELLO DE VILALBA

**Tercero.** Aprobar las Bases para la convocatoria pública de subvenciones municipales PARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (A.R.I.) ZONA AMPLIADA DO CONCELLO DE VILALBA que se insertan a continuación:

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (A.R.I.) ZONA AMPLIADA DO CONCELLO DE VILALBA**

### INDICE

|    |               |                       |
|----|---------------|-----------------------|
| 1. | CAPÍTULO I    | EXPOSICIÓN DE MOTIVOS |
| 2. | CAPÍTULO II   | MARCO LEGAL           |
| 3. | CAPÍTULO III  | DEFINICIÓN            |
| 4. | CAPÍTULO IV   | DISPOSICIÓN XERAIS    |
| 5. | CAPÍTULO V    | OBJECTO               |
| 6. | CAPÍTULO VI   | BENEFICIARIOS         |
| 7. | CAPÍTULO VII  | ACHEGAS               |
| 8. | CAPÍTULO VIII | PROCEDEMENTO          |

- 9.      **CAPÍTULO IX                    AVALIACIÓN DOS CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS**
- 10.     **CAPÍTULO X                   CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**
- 11.     **CAPÍTULO XI                ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**
- 12.     **CRITERIOS BAREMACIÓN**
- 13.     **TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**
- 14.     **ÁMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN**

## **CAPÍTULO I**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende o mes de xaneiro do ano 2001, veñese asinando convenios de colaboración entre a administración estatal, autonómica e local a prol do desenvolvemento de actuacións en materia de rehabilitación de vivendas e mellora urbanística da A.R.I.

É notorio dende o comenzo, o éxito da rehabilitación no casco antigo de Vilalba, que se traduce nun continuo de solicitudes de subvención para melloras nas vivendas emprazadas no ámbito da A.R.I. e zona ampliada, non só para vivenda propia, senón para coloca-las en alugueiro.

Co fin de seguir a potencia-la recuperación do casco antigo e zona ampliada, incorporase a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta da Costa, aprobada mediante Decreto 158/2014, do 27 de novembro, como elemento fundamental e dinamizador da zona A.R.I. e por ende do núcleo e concello de Vilalba, conseguindo deste xeito unha zona de grande influencia territorial e ambiental do concello que sexa motor do proceso de rexeñación urbana comezada no 2001.

É por iso, que en desenvolvemento do acordos da Comisión Bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo dependente da Consellería de Infraestructuras e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vilalba para o financiamento da A.R.I. e zona ampliada declarada no término municipal, e dando cumprimento ó compromiso asumido por iste concello, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas na antedita A.R.I. e zona ampliada de Vilalba.

Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis emprazados dentro da A.R.I. e que sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente.

As solicitudes de intervención, e as contías máximas das subvencións que se establecen, ao mesmo que en anteriores Plans de Vivenda, tentarán incentivar as actuacións integraís nos edificios de xeito que se produza unha mellora das súas condicións de accesibilidade, con supresión de barreiras arquitectónicas, estanquidade seguridade e eficiencia energética.

Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración Local, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Estas bases teñen por obxecto regular, mediante o procedemento de tramitación anticipada de gasto, a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro das Área de Rehabilitación Integral e Zona ampliada, en base aos acordos de comisión bilateral (convenios de colaboración) subscritos entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestructuras e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vilalba

## **CAPITULO II**

### **MARCO LEGAL**

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) O Real decreto 106/2018, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- b) Resolución do 3 e agosto de 2018, polo que se regula o procedemento para a participación no Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal Vivenda, 2018-2021.
- d) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- e) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- f) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- g) Os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Vilalba.

- h) Normativa urbanística vixente aplicable.
- i) Calquera outra normativa vixente que resulte de aplicación.

## CAPITULO III

### DEFINICIÓNS

1. Definición do obxecto da subvención. Considérase subvención calquera auxilio directo ou indirecto, susceptible de valoración económica, ou cuantificable en diñeiro, que outorgue a Corporación, ben con medios propios ou mediante convenio de colaboración con outras administracións.

Terán algún grao de subvención todas aquelas actuacións de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas definidas na lexislación estatal e autonómica.

2. Requisitos que deberán reuni-los beneficiarios.

Serán aqueles que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 7.2 e 50 do R.D. 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o *Plan Estatal de Vivienda 2018-2021*.

3. Superficie útil.

Enténdense a do solo delimitado pola cara interior dos seus pechamentos co exterior e con outras vivendas e locais. Asemade incluírá a metade da superficie do solo dos espazos exteriores de uso privativo da vivenda tales como terrazas, miradoiros, tendedeiros ou outos até un máximo do 10 % da superficie útil pechada. Descontanse do seu cómputo a superficie ocupada en plana polos pechamentos interiores da vivenda, polos elementos estruturais verticais e polas canalizacións e conductos con sección horizontal superior aos 100cm<sup>2</sup>, así como a superficie do solo en que o seu gálibo sexa inferior a 1,50m.

4. Orzamento protexido.

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do Real decreto 106/2018, que non poderá supera-los custos medios de mercado establecidos de conformidade coa última edición publicada da base de precios da construción de Galicia 2017, ou normativa que a substitúa.

5. Ingresos familiares. É o montante de ingresos que se toma como referencia para poder ser beneficiario das axudas aquí descritas, ou no seu defecto no Plan de vivenda en vigor. Os ingresos familiares refíranse á unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas. A tales efectos, as referencias á unidade familiar fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ó respecto.

6. Unidade de convivencia. Considerarase así ao conxunto de persoas que habitan dunha vivenda de xeito habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación existente entre todas elas.

7. Residencia habitual e permanente. É aquela que constitúe o domicilio legal do titular, sexa a título de propietario ou de inquilino, segundo as condicións do Plan de Vivenda e Normativa de aplicación vixente.

## CAPÍTULO IV

### DISPOSICIÓNS XERAIS

**ARTIGO 1.** As presentes bases teñen por obxecto regula-la concesión de subvencións destinadas a financiar os custos derivados das actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas dentro do ámbito definido como A.R.I. e zona Ampliada de Vilalba, no marco do Plan de Vivenda ou Normativa de aplicación vixente. A concesión da subvención, a través desta convocatoria será en réximen de concorrencia competitiva, consonte aos criterios de selección expostos nas presentes bases.

**ARTIGO 2.** O outorgamento das subvencións cumprirá:

1. A entrega realizarase sen contraprestación directa dos beneficiarios.
2. A entrega estará suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, neste caso, o proxecto ou memoria ou documento legalmente válido que defina a obra de rehabilitación, rexeneración ou de renovación urbana.
3. O beneficiario deberá cumpri-las obrigas materiais e formais que previamente se establecesen.
4. Terá carácter voluntario e eventual, agás o que se dispón nestas Bases Reguladoras.
5. Non serán invocables como precedente.
6. Non será esixible o seu aumento e revisión.
7. Estableceranse segundo o marco legal de aplicación vixente no momento da solicitude.

**ARTIGO 3.** Serán nulos os acordos de subvencións que obedezcan á mera liberabilidade.

**ARTIGO 4.** As axudas regulamentadas nestas Bases reguladoras serán compatibles con calquera outras existentes ou que puidesen establecer outras administracións, sen que de xeito conxunto ou illado excedan o 100% do custo da actividade subvencionada total. O importe das subvencións concedidas serán declaradas polo Concello á Administración Tributaria segundo o marco legal correspondente. Segundo o apartado décimo noveno “Compatibilidades e incompatibilidades” das Disposicións Xerais da RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021 “Non poderán ser beneficiarias deste programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo”

**ARTIGO 5.** Condicións dos inmobles:

1. Estar incluídos territorialmente na delimitación da A.R.I. e Zona Ampliada.
2. No caso de edificio de vivendas multifamiliares suxeitos ao réxime de Propiedade Horizontal ter redactado e asinado por técnico competente o correspondente “Informe de Evaluación del Edificio” documento este que avaliará as futuras necesidades do edificio en materia de rehabilitación.
3. No caso de edificio de vivendas, as actuacións deberán contar coa aprobación expresa da Comunidade de propietarios, na que se reflectan as cuotas de participación correspondentes a cada finca do inmovible.
4. A actuación deberá contar con memoria valorada, ou documento técnico axeitado á actuación pretendida, e asinada e visada, no seu caso, polo colexio profesional correspondente ao técnico asinante.
5. O importe do Presuposto de Execución Material, será conforme á realidade do mercado, e , en todo caso será elaborado en función da base de prezos de Galicia ou doutras de referencia contrastada.
6. Non estar incurso en procedementos abertos de infraccións en materia de vivenda nin urbanística.
7. Non presentar expedientes de ruína, nin ser susceptibles de seu inicio, segundo o marco legal correspondente.

## CAPITULO V

### OBXECTO

**ARTIGO 6.** Ista base ten por obxecto regula-la concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación Integrada do casco antigo e zona ampliada do Concello de Vilalba con cargo aos convenios asinados polo concello para tal obxecto no marco do Plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2018 – 2021 e a Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de vivenda 2018-2021.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación Integral e zona ampliada do Concello de Vilalba.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrência competitiva, consonte os criterios de selección dispostos na presente Base Reguladora

Para poder acceder ás achegas, o Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionables, debendo concorrer-las seguintes condicións:

#### 1. Requisitos obxectivos:

- a. Licenza de obra e final de obra do edificio onde se pretende realiza-la obra, si é posterior a 1984, exceptuándose a súa acreditación no caso de adaptación do ben en accesibilidade e mellora superior ao 30 % na eficiencia enerxética.
- b. A primeira Licenza ou autorización municipal que sexa precisa para executa-la correspondente actuación.
- c. Certificado de inicio de obra, correspondente á primeira Licenza da letra anterior. No caso de non ser necesaria a concorrência do técnico competente, a comunicación de inicio de obra deberá ser resolta e comunicada por parte da entidade promotora da actuación ao ente xestor da subvención.
- d. Certificado final de obra ou no seu caso notificación (ao remate da mesma). No caso de non contar con técnico competente, a comunicación de final de obra deberá ser resolta e comunicada por parte da entidade promotora da actuación ao ente xestor da subvención.
- e. Ter a vivenda ou edificio unha antigüidade maior a 10 anos, debidamente acreditada agás:
  1. En intervencións a prol de adapta-la vivenda ou edificio para o uso de persoas con discapacidade debidamente acreditada, ou con dificultade na mobilidade recoñecida.



2. En intervencións encamiñadas a unha redución de máis do 35 % na demanda enerxética anual global de calefacción respecto da situación existente, debidamente acreditada mediante a documentación técnica asinada por técnico competente.

f. Non atoparse suxeitas a limitacións que impidan o uso previsto, e no caso de estaren situación de fóra de ordenación urbanística, permitiranse as actuacións segundo o artigo 205 do Regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

g. Presentar unha estrutura espacial e unhas características construtivas que garantan a posibilidade de acadar unhas axeitadas condicións de habitabilidade, excepto imposibilidade física certificada polo Concello a través de órgano competente, previa solicitude do interesado, acompañada da documentación técnica correspondente, segundo do Decreto 29/10 do 4 de marzo, polo que se aprobaron as Normas de Habitabilidade de Galicia.

h. Non ser obra nova.

i. Os edificios multifamiliares, deberán xustificar un mínimo do 60 % da súa edificabilidade como uso de vivenda, computando aos efectos da antedita proporción, as plantas sobre rasante e o volume propio do aproveitamento en altura, exceptuando de cómputo as ocupacións en planta baixa que puideran presentar unha ocupación de parcela permitida polo planeamento vixente, máis alá do fondo da edificación en plantas altas.

j. As intervencións requiridas virán avaladas, de se-lo caso, polo correspondente IEE.

K. Non serán subvencionables actuacións de baldeirados interiores, demolicións ou aquilas obras irrespetuosas coa tipoloxía propia do edificio, ou que no seu ámbito (o propio da obra) manteñan elementos disconformes coa ordenación ou co valor arquitectónico da edificación.

l. Non serán subvencionables todas aquilas actuacións nas que o Presuposto de Execución Material sexa inferior a 1.000.00 €, agás as correspondentes á eliminación de barreiras necesarias por requisitos, debidamente acreditado, do solicitante.

k. Estar finalizadas as vivendas/edificios antes de 1996. Esta circunstancia poderase acreditar mediante escritura pública, nota simple rexistral ou consulta descriptiva e gráfica dos datos catastrais. No obstante, segundo o Real Decreto 106/2018, as Comunidades Autónomas e as Cidades de Ceuta e Melilla poderán tamén conceder axudas a vivendas con antigüidade igual ou posterior ao ano 1996, si existieran circunstancias que ao seu xuízo o aconsellaran.

## 2. Requisitos subxectivos

a. Non te-lo solicitante, cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, débedas de natureza tributaria en período executivo coa Administración Local, Autonómica e Estatal ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda o emprego da vía de construximento, débedas non atendidas en período voluntario. Para istos efectos, considerarase que o promotor se atopa ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias cando as débedas estean adiadas, fraccionadas ou se tivera acordado a súa suspensión con ocasión da impugnación das correspondentes liquidacións.

b. Non estar incurso o solicitante, conxúxe ou persoa con análoga relación de convivencia, en ningún expediente de reversión de subvencións públicas como consecuencia do incumprimento dos fins das axudas concedidas.

c. Te-la nacionalidade española ou dalgún dos países membros da UE, ou do espazo económico europeo. No caso das extranxeiros NON comunitarios, deberán ter residencial legal en España.

d. Estar empadroadado na vivenda ou edificio obxecto da intervención (Concello de Vilalba)

e. Cumprir cos ingresos en base á ponderación do IPREM, segundo o indicado no Plan de Vivenda e normativa legal vixente.

f. No caso de que o solicitante sexa o inquilino, usufrutuário ou arrendatario do ben inmovible, os requisitos subxectivos serán tamén de obrigado cumprimento para o propietario.

g. Ter debidamente xustificadas os gastos xerados pola obra, ao remate da mesma, mediante facturas (cos requisitos regulamentados no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento donde se regulan as obrigas de facturación) emitidas pola empresa contratada para a realización dos traballos obxecto do expediente de subvención, donde se especifique claramente os datos fiscais de contratista e promotor, indicando por separado o tipo de obra realizada, certificando a obra, desglosando o prezo unitario por unidade de partida executada, a medición total da partida executada, a medición total da partida executada, prezo de mán de obra, e o nome comercial de cada un dos materiais empregados na obra realizada.

h. A vivenda, ou vivendas no caso de edificio multifamiliar, obxecto da subvención deberá se habitual e permanente. De non ser así, deberase acreditar que está no mercado de aluguer, dentro dunhos parámetros noramais de mercado.

**ARTIGO 6.1.** Entenderanse como obras de rehabilitación encamiñadas a obte-la adecuación estrutural e habitabilidade dunha vivenda ou edificio, as seguintes:

**a. Relativos á funcionalidade.**

1. Adaptación da vivenda e/ou edificio, de tal xeito que se permita ás persoas con mobilidade e comunicación reducidas o acceso e a circulación polo edificio nos termos previstos na súa normativa específica.:

1. La instalación de ascensores, salvaescaleras, rampas u otros dispositivos de accesibilidad, incluyendo los adaptados a las necesidades de personas con discapacidad sensorial o intelectual, así como su adaptación, una vez instalados, a la normativa sectorial correspondiente.
2. La instalación o dotación de productos de apoyo tales como grúas o artefactos análogos que permitan el acceso y uso por parte de las personas con discapacidad a elementos comunes del edificio en su caso, tales como jardines, zonas deportivas, piscinas y otros similares.
3. La instalación de elementos de información o de aviso tales como señales luminosas o sonoras que permitan la orientación en el uso de escaleras, ascensores y del interior de las viviendas.
4. La instalación de elementos o dispositivos electrónicos de comunicación entre las viviendas y el exterior, tales como videoporteros y análogos.
5. La instalación domótica y de otros avances tecnológicos para favorecer la autonomía personal de personas mayores o con discapacidad.
6. Cualquier intervención que facilite la accesibilidad universal en los espacios del interior de las viviendas unifamiliares, agrupadas en fila o en edificios de tipología residencial colectiva objeto de este programa, así como en las vías de evacuación de los mismos. Se incluyen obras dirigidas a la ampliación de espacios de circulación dentro de la vivienda que cumplan con las condiciones del Código Técnico de la Edificación en lo referido a vivienda accesible, así como para mejorar las condiciones de accesibilidad en baños y cocinas.
7. Cualquier intervención que mejore el cumplimiento de los parámetros establecidos en el Documento Básico del Código Técnico de la Edificación DB-SUA, Seguridad de utilización y accesibilidad.

**b. Condicións de seguridade.**

1. As relativas ao estado de conservación da cimentación, estrutura e instalacións.
2. As relativas ao estado de conservación de cubertas, azoteas, fachadas e medianeiras, incluíndo procesos de desamiantado.

**c. Condicións de habitabilidade.**

As relativas á adecuación interior da vivenda unifamiliar, agrupada en fila ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva, ás condicións mínimas de funcionalidade, habitabilidade, seguridade e hixiene legalmente exixidas.

1. Actuacións a prol de mellora-las condicións de hixiene, saúde (iluminación, ventilación e aireación) e protección do medio ambiente, para acadar condicións aceptables de salubridade e estanquidade no ambiente, para acadar condicións aceptables de salubridade e estanquidade no ambiente interior do edificio, así como as medidas necesarias para a xestión dos refugalloos propios da actividade do edificio.
2. Mellora no programa funcional da vivenda, tendo en conta os posibles elementos de valor patrimonial.
3. Adecuación das dimensións da vivenda, segundo o punto anterior a.2
4. Mellora no comportamento higratérmico do edificio e no seu caso da vivenda ou local donde se interveña.

**d. Condicións de Accesibilidade.**

1. Segundo o punto anterior a.1

Todas istas actuacións velarán por manter ou recuperar elementos de valor tipolóxico dos edificios como:

- a. recuperación de elementos tipolóxicos orixinais (cornixas, chemineas, recercados, portas, ventás bufarda, beiris, tornachuvias, canlóns, baixantes, galerías contraventás, zaguáns, escaleiras, e calquera outro susceptible de valor patrimonial individual ou de conxunto).
- b. revocos de fachadas
- c. recuperación de carpintaría.
- d. cuberta.

**e. Recuperación de tipo estrutural propio do edificio. (apartado b)**

**ARTIGO 6.2** Serán preferentes aquelas intervencións que supoñan a eliminación de riscos para o propio usuario ou para terceiros, e as encamiñadas para uso da vivenda ou edificio polas persoas residentes con menoscabo das súas funcións motoras ou sensitivas, segundo o baremo anexo.

**ARTIGO 6.3.** Nas intervencións que afectan á envolvente enerxética ou ás instalacións, será obrigado a disposición de medidas a prol de incrementa-lo aforro enerxético do edificio.

**ARTIGO 6.4** Non se permiten actuacións en contra da tipoloxía tradicional, e propia do edificio no que se interveña, ben sexa de carácter estrutural, compositivo, ou calquera outro definitorio do edificio.

**ARTIGO 7.** A execución de calquera das obras protexidas deberán garanti-la súa coherencia técnica, construtiva e tipolóxica do edificio, e no seu caso, completa-la envolvente do edificio evitando situacións de impacto ambiental negativo.

**ARTIGO 8.** A execución de calquera das obras protexidas, agás as que supoñan a eliminación de riscos directos ás persoas, ou as encamiñadas para o uso da vivenda ou edificio polas persoas residentes con menoscabo das súas funcións motoras ou sensitivas, deberán ir acompañadas da eliminación de elementos engadidos existentes, e alleos a configuración orixinal do edificio, e que se supoñen unha alteración tipolóxica do mesmo non amparada por Licenza de obra, sempre e cando o orzamento das obras solicitadas superen nun 75 % o importe da obra necesaria para a eliminación dos elementos disconformes á tipoloxía. Asemade non se subvencionarán obras que aínda cumprindo co anterior, impidan nun futuro a recuperación do elemento susceptible de protección.

**ARTIGO 9.** Revisión de prezos. O orzamento da obra terá como referente a Base de Prezos da Xunta de Galicia, ou no seu defecto a propia do Instituto Tecnolóxico de Galicia, ambas dúas debidamente actualizadas. Calquera partida de obra que non estea reflectida nestas bases de prezos será elaborada por semellanza ou debidamente xustificada, en base aos prezos de mercado da zona.

## **CAPITULO VI**

### **BENEFICIARIOS**

**ARTIGO 10.** Poderán solicitar istas axudas para as vivendas e edificios de vivendas incluídos no ámbito ARI e zona ampliada de Vilalba:

1. Os propietarios ou usufrutuarios dos mesmos.
2. Os inquilinos ou arrendatarios, con autorización expresa pola propiedade.
3. Os propietarios ou inquilinos suxeitos a réxime de propiedade horizontal de edificios con capacidade legal para decidir obras nos elementos comúns dos edificios.

**ARTIGO 11.** Non poderán ser beneficiarios das axudas aquelas persoas ou entidades que:

1. Xa obtivesen axudas para o mesmo fin, e que garden algún grao de incompatibilidade coas presentes.
2. Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
3. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
4. Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.
5. Ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
6. Non acharse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.
7. Ser sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou Lei xeral tributaria.
8. As asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.
9. As asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

**ARTIGO 12.** Obrigas dos beneficiarios

a. Cumprir o obxectivo, executando o proxecto na súa totalidade, sen trocos respecto do expediente aprobado, DENTRO DO PRAZO DE OBRA ESTIMADO. Os trocos que previa xustificación poderían ser aprobados, virán derivados por forza maior de carácter técnico, e deberán vir avaliados e xustificados tecnicamente por técnico competente, e requirirán, no seu caso, modificación de licenza e nova solicitude de cualificación provisional.

b. Xustificar ante o órgano concedente ou órgano xestor, se é o caso, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

c, Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente ou o órgano xestor, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d. Comunicarlle ao órgano concedente ou órgano xestor a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e. Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta da resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g. Conervar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da lei 9-2007 de subvención de Galicia.

i. Notificar fechacientemente o remate das obras ao Concello de Vilalba (Oficina de Rehabilitación). O prazo máximo será de 1 mes dende o remate das mesmas.

j. Finalizar as obras, e no prazo indicado polo ente xestor ou en todo caso, máximo de 1 mes a contar dende a súa notificación por parte do interesado, iste presentará as FACTURAS correspondentes emitidas pola empresa contratada, e o XUSTIFICANTE DE PAGO das mesmas realizado ÚNICAMENTE MEDIANTE TRANSFERENCIA BANCARIA, facendo constar na mesma o obxecto da mesma, o número de facturas, o ordenante eo beneficiario. As facturas se corresponderán á obra cualificada.

k. Nas obras que requiran licenza de primeira ocupación, será imprescindible a copia da presentación a trámite daquela.

l. O beneficiario non poderá alterar calquera das partidas executadas ao abeiro do marco legal en que foi solicitada a achega para a rehabilitación do edificio ou vivenda nun prazo equivalente ao legalmente establecido na normativa vixente.

m. As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## CAPÍTULO VII

### ACHEGAS

**ARTIGO 13.** As axudas previstas para a rehabilitación estrutúranse nas seguintes modalidades:

A. Axudas económicas a fondo perdido, que se tramitarán polo procedemento de concurrencia competitiva: Estará integrado polas cantidades que para cada exercicio orzamentario dispoña a administración, nos termos dos convenios de colaboración a asinar entre estas institucións e o Concello de Vilalba.

B. A subvención prevista na presente convocatoria financiarase con cargo a Partida Presupuestaria 150178001.

C. Subvención equivalente a tributos: O Concello establece unha exención equivalente ó importe das taxas por licenza de obra e ó imposto sobre construcións, instalación e obras (ICIO).

D. O concello poderá, previa regulación, establecer axudas en especie equivalente á formalización administrativa dos expedientes e da formalización de memorias valoradas e documentos propios de obra que non requiran documento técnico asinado por arquitecto. O concello servirá igualmente de mediador nas comunidades de veciños co fin de apoiar o proceso de mellora, de xeito que os comuneros estean asesorados para levar a bo fin a obra solicitada.

**ARTIGO 14.** Contía das axudas económicas.

A. A contía máxima das subvencións determinarase atendendo ao custo subvencionable da actuación, que incluírá no seu caso, os custos desglosados por partidas de obra e por tipo de actuación segundo a táboa de baremación, de xeito diferenciado. Para o cómputo, os orzamentos deberán vir asinados polas empresas contratista da obra e polo promotor da actuación. O orzamento deberá igualmente desglosar o Presuposto de Execución Material, o Beneficio Industrial, os Gastos Xerais e o IVE.

B. A contía das subvencións será do 40% do custo das actuacións subvencionables (orzamento protexible). A cuantía máxima das axudas será a establecida no artigo 29.2 do Real decreto 106/2018.

**ARTIGO 15.** Serán causa de perda das achegas económicas, nas distintas modalidades contempladas nesta ordenanza:

- a. A non adaptación das obras á Licenza concedida, á normativa legal vixente de aplicación, ao planeamento, e as prescricións desta ordenanza.
- b. A non execución, na súa totalidade, das obras aprobadas, ou a execución doutras que difiran do estipulado no documento aprobado, e que interfiran naquilas.
- c. O incumprimento dos prazos establecidos para a xustificación dos investimentos.
- d. O comenzo das obras, antes do inicio do expediente administrativo previo.
- e. A obstaculización inxustificada de labor inspectora da administración competente.
- f. O incumprimento das directrices emanadas do Concello a través do órgano competente, no caso de ausencia de dirección facultativa.
- g. En xeral, o incumprimento das obrigas e determinación contidas nestas Bases reguladoras.
- h. Calquera acción executada, que provoque a perda ou lesión de elementos arquitectónicos ou constructivos susceptibles de seren protexidos, e que formen parte do patrimonio construído.
- i. A non comunicación de xeito fehaciente do inicio e remate da obra.

## **CAPITULO VIII**

### **PROCEDEMENTO**

**ARTIGO 16.** Normas xerais.

1. A convocatoria para a solicitude de concesión das subvencións se abrirá e pechará o día que estableza o Plan de Vivenda en vigor, ou ben a administración ou o entre xestor autorizado para tal fin, e será debidamente publicado.
2. A publicación da orde de convocatoria será debidamente publicada, e no prazo de 1 mes, a partir da publicación da presente convocatoria, toda aquela persoa xurídica ou física que desexa optar ás axudas, deberá formular a súa solicitude, segundo documentación tipo aportada polo Concello de Vilalba.
3. A instrución do procedemento lle corresponderá ao Concello de Vilalba, mediante a Oficina Municipal de Rehabilitación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.
4. O procedemento será mediante concorrencia competitiva, segundo o artigo 19.1 da lei 9-2007 de subvencións de Galicia.
5. A avaliación das solicitudes será realizada por unha Comisión Avaliadora que estará integrada do seguinte xeito:
  - 5.1. Presidente: un membro da corporación, ou persoa en que delegue.
  - 5.2. Secretario: a secretaria municipal
  - 5.3. Vogais:
    - 5.3.1 O director da Oficina Municipal de Rehabilitación
    - 5.3.2. A interventora municipal.
6. Inmediatamente antes de redacta-la proposta de resolución, porase de manifesto o expediente dos interesados no procedemento, concedendolles nun prazo de dez días para que formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes pretinentes.
7. Rematado o trámite de audiencia, o Concello a través do órgano competente efectuará proposta de resolución estimando as solicitudes ás que se lles outorga maior valoración, sempre que reúnan os requisitos determinados na convocatoria e ata que se extinga o crédito orzamentario, indicando a súa contía, e os criterios de valoración seguidos para efectuala.
8. Unha vez configurada a lista dos beneficiarios, o Concello de Vilalba dará traslado da mesma ao I.G.V.S. aos efectos de obte-la cualificación provisional.
9. A Xunta de Goberno, taras a proposta da Comisión Avaliadora, e á vista das cualificacións provisionais concedidas polo I.G.V.S. resolverá motivadamente no prazo máximo de dous meses, a partir da data de inicio do expediente de subvención por parte do órgano competente. Transcorrido ise prazo sin resolver expresamente, entenderase desestimada a solicitude.
10. A resolución final dos expedientes corresponderá o Alcalde, tras a proposta formulada pola Comisión Avaliadora. Dita resolución pon fin á vía administrativa e deberá adoptarse no prazo de catro meses a contar

dende o día seguinte en que se comunique por parte do interesado o remate das obras, acompañada de toda a documentación esixíbel.

11. O petionario, poderá solicitar mediante escrito ao Concello de Vilalba, a colaboración do servizo municipal da oficina de rehabilitación para o seu asesoramento a prol dun documento eficaz. Ista poderá ser rexeitada polos servizos municipais por causa debidamente xustificada, e en ningún caso esta colaboración significará asumir o encargo de redacción dos documentos técnicos necesarios. Nin a Dirección de Obra definida como tal no “Baremo para la determinación de Honorarios” (R.D 2512/1997). Iestas colaboracións non irán máis alá do propio de obras de carácter menor ou asesoramentos puntuais en xeral.

12. Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas aptas para tal fin, debidamente acreditadas, e que se consideren máis oportuna, debendo presentar o orzamento de obra debidamente desglosado segundo o art.14 destas Bases Reguladoras.

13. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de 1 mes a partir da notificación da cualificación provisional do expediente. Transcorrido iste prazo sen o inicio das mesmas enténdese a denegación do expediente, previo trámite de audiencia ao interesado.

**ARTIGO 17.** Os peticionarios, no prazo máximo de 2 meses, a partir da publicación da presente convocatoria, deberán achegar no Rexistro Xeral Do Concello de Vilalba a seguinte documentación:

1. Instancia dirixida ó Sr. Alcalde-Presidente, segundo o modelo que se lle facilitará no Concello a través do ente xestor.

2. D.N.I./C.I.F. da persoa ou ente solicitante (comunidade), e do seu representante.

3. Certificado expedido pola Tesourería Municipal, ou organismo competente, acreditativo de atoparse ó día no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Local, Autonómica e Estatal y la S.S.

4. Declaración responsable de non estar incurso en ningún expediente de reversión de subvencións públicas como consecuencia do incumprimento dos fins das axudas concedidas.

5. Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos apartados do artigo 11º da presente ordenanza.

6. Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio/vivenda por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinientes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

7. Certificado de empradramento na vivenda obxecto da rehabilitación, ou contrato de aluguer en vigor. No caso de que a vivenda non sexa vivenda habitual no momento da presentación da solicitude, declaración xurada de que se vai destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. O cumprimento deste compromiso deberá ser xustificado de conformidade con exposto no punto 3.b) destas bases, con anterioridade á resolución de concesión ou pagamento da axuda.

8. Copia das declaracións do IRPF da unidade familiar, correspondente ó último exercicio impositivo pechado, ou no seu caso certificación negativa da Axencia Tributaria. No suposto de comunidades de propietarios esta documentación refírese a cada unha das vivendas.

9. No caso en que o solicitante non sexa o propietario do ben inmovible no que pretende realizar as obras protexidas, haberá de achegar proba fehaciente da debida autorización do propietario do inmovible, o cal deberá tamén aportar-las documentos referidos cos números 2º,3º,4º e 5º.

10. Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:

1/ Documento acreditativo da constitución da comunidade.

2/ Documento acreditativo da representación coa que se actúe.

3/ Acta ou certificado da comunidade de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.

5/ Xustificante da participación de cada propietario na Comunidade de Propietarios.

**ARTIGO 18.** A mera presentación dunha solicitude de subvención implica o coñecemento e aceptación destas Bases reguladoras.

**ARTIGO 19.** Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a

documentación recibida, a Oficina de Rehabilitación elaborará un documento no que se recollan as solicitudes que non cumpren os requisitos, ós efectos de que o órgano municipal competente proceda á súa denegación.

Por parte da Oficina de Rehabilitación procederase á valoración (segundo os criterios establecidos no punto 5 das presentes bases) das solicitudes que cumpren cos requisitos, elaborando un listado no que se recolla a puntuación obtida por cada unha das solicitudes, e realizando unha proposta de cualificación provisional nas que se incluírán as 15 solicitudes que acadaron maior puntuación.

Esta proposta de cualificación provisional, será remitida ó órgano municipal competente para a súa aprobación e posterior remisión á Área Provincial do IGVS en Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

As solicitudes que, cumprindo cos requisitos non resultaron seleccionadas para a cualificación provisional, pasarán a formar parte dunha “lista de agarda”, para o suposto de desestimación ou renuncia dalgún dos 15 seleccionados. A orde de inclusión dalgunha solicitude desta “lista de agarda” na cualificación provisional será por orde de puntuación. Esta orde para a inclusión só poderá resultar alterada por necesidades de viabilidade económica para a inclusión no programa, entendéndose por tales necesidades o suposto de que pola orde correspondente resultase incluída unha actuación cun importe subvencionable superior ó remanente xerado coa desestimación ou renuncia. Este suposto só poderá realizarse sempre e cando se autorice polo IGVS de Lugo. Esta lista de agarda terá unha vixencia exclusiva para o presente programa e o presente Plan Vivenda.

#### **ARTIGO 20. Execución das obras**

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do fin da vixencia do Plan Vivenda 2018-2021.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, nos supostos nos que resulte preciso, deberán estar autorizadas pola correspondente e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que esteñan sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e colocado ata cobro total de axudas solicitadas.

#### **ARTIGO 21. Remate das obras e Cualificación Definitiva**

Os promotores das actuacións comunicarán por escrito o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso antes da data establecida no Convenio da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.

2. Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.

3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa/ou entidade beneficiaria que figure na resolución de cualificación provisional.

Coa comunicación do remate das obras, o interesado presentará a seguinte documentación:

- As facturas correspondentes á execución das obras.
- Xustificantes bancarios do pagamento das referidas facturas.
- Certificado de fin de obra asinado por técnico competente no suposto de que sexa preciso segundo as obras realizadas.
- Fotografías do estado definitivo das obras realizadas.

Por parte da Oficina de Rehabilitación, no caso de ser necesaria a presentación de calquera outra documentación precisa para a xustificación de aspectos referentes á realización das obras, así como calquer outro documento que se requira polo IGVS, comunicarse ó interesado para a súa presentación.

As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

A Oficina de Rehabilitación, unha vez recibida a documentación sinalada neste punto, por parte dos solicitantes, elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021. Esta proposta será aprobada polo órgano municipal competente e remitida para súa aprobación ó IGVS de Lugo.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

## **ARTIGO 22. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS**

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS no prazo dun mes os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social, da Axencia Tributaria Galega, e da Administración Tributaria Estatal, así como autorizacións ao Concello para consultar os datos de estar ao corrente coa administración Local.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ó custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.

Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Para estos efectos deberá cada propietario presentar a documentación referida neste punto, non podendo percibir a subvención os propietarios que non cumpran cos requisitos establecidos no punto 2 da presente convocatoria. O aboamento da subvención no suposto de comunidades de propietarios realizarse da forma descrita neste parágrafo, excepto no suposto de que por parte do IGVS ou o Ministerio correspondente se esixa que o abono se realice directamente á Comunidade de Propietarios. Neste último caso será a Comunidade a que repercuta a subvención correspondente a cada membro da mesma, debendo acreditar ante o Concello dito feito, así como o cumprimento por cada perceptor de que cada un se atopa ó corrente dos pagos ante a Seguridade Social, a Axencia Tributaria Galega, a Administración Tributaria Estatal e local, e cumpre cos requisitos para a súa percepción.

## **ARTIGO 23. DENEGACIÓN E REVOCACIÓN DAS SUBVENCÍONS**

a) Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Segundo o artigo 25, da Resolución do 3 de agosto de 2018, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



c) Consonte o artigo 26, da Resolución do 3 de agosto de 2018:

- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
- En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instructor de calquera modificación sustancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

- Incorrer en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.
- Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

## CAPITULO IX

### AVALIACIÓN DOS CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

**ARTIGO 19.** Os criterios que rexirán para a concesión da subvención serán, entre outros, os seguintes:

**1. Condicións de seguridade.** Debe primar sempre a seguridade das persoas fronte calquera acción, polo que todos aqueles elementos propios do edificio ou vivenda que, por polo seu estado, supoñan un serio risco para os usuarios ou terceiros deben ser corrixidos. Estas virán avaladas por lo necesario IEE do edificio (cimentación, estrutura e instalacións).

**1.1.- Elementos estruturais ou constructivos,** que polo seu estado ruínóxico puidesen causar danos a terceiros persoas ou cousas de modo inminente. Serán intervidos tendo en conta a tipoloxía de partida. (elementos resistentes, escaleiras, carpintarías exteriores, elementos de fachada ou cuberta, etc). Serán reelaborados segundo as condicións tipolóxicas propias ou da contorna. Para os elementos estruturais, entenderanse intervencións necesarias dentro deste apartado todas aquelas que reolvan un Estado Limite de Servizo (ELS), é dicir, una situación estrutural que, de ser rebasado, produce unha perda de funcionalidade ou deterioro da estrutura, pero non un risco inminente a curto prazo. En xeral, os ELS refírense a situacións solventables, reparables ou que admiten medidas paliativas ou molestias non-graves os usuarios, por outra parte obxecto de calquera proceso de rehabilitación, evitando a entrada nun Estado Limite Último, que sería o acceso á ruína do inmovible, xa que de ser rebasado, a estrutura completa ou unha parte da mesma pode colapsar ao supera-la súa capacidade resistente, situación extremadamente grave, que pode provocar cuantiosos danos materiais e desgrazas persoais, punto iste evitable dende a óptica propia do proceso rehabilitador. Para os elementos constructivos, entenderanse intervencións necesarias dentro deste apartado todas aquelas que resolvan situacións límites de servizo dos elementos que supoñan o seu estado como “fora de servizo”, ao quedar inoperativos par o usuario. Entre outors serán así catalogados:

**1.1.1.- Elementos resistentes principais ou secundarios** que poñan en risco a estabilidade propia ou do conxunto estrutural ao que pertencen.

**1.1.2.- Elementos constructivos,** que polo seu estado, impidan o uso normal e pleno da vivenda ou do edificio, podendo ser causantes de accidentes par os seus usuarios.

**1.2 Seguridade nas instalacións,** que polo seu estado ou a súa ausencia puidesen dar orixe a casos graves de accidentes para persoas ou cousas, ou aqueles que estean claramente obsoletos e que pola súa situación non cumpran ningún parámetro da lexislación actual. Entre outros serán así catalogados:

**1.2.1** Instalacións eléctricas obsoletas que sean obxecto de anulación debido ao seu alta índice de peligrosidade por presentar cables pelados, risco de incendio, risco de contactos en volumes perigosos, etc.

**1.2.2** Instalacións de xeración de calor por combustibles fósiles sólidos, licuados, gas ou gases licuados, que sexan obxecto de anulación debido ao seu alto índice de peligrosidade por alteracións na súa condución, risco de fugas, ausencia de ventilación, etc.

1.2.3 Instalacións de elevación e transporte non actualizadas á lexislación vixente, ou fora de servizo pola súa peligrosidade.

1.2.4. Instalacións de detección e protección contra o lume, que pola súa ausencia en certos edificios que a día de hoxe requirense a súa presenza, resulte imprescindible a súa instalación debido a un alto grao de risco colectivo, segundo “cumplimiento del DBSI en edificios y efectividad de la adecuación al DB”.

**2. Condicións de Accesibilidade.** Facilitando o acceso e a utilización non discriminatoria, independente e segura dos edificios ás persoas con discapacidade, adaptando o edificio e a vivenda para o uso das persoas maiores ou con discapacidade, promovendo espazos e itinerarios accesíbeis ou practicábeis segundo o caso, atendendo a especifico no DB-SUA.

Entre outras, serán así catalogadas:

2.1 **Eliminación de barreiras arquitectónicas** mediante a eliminación de banzos aillados, rampas ou calquera outro elemento propio do edificio ou da súa propia parcela que impidan o acceso ás vivendas a persoas maiores ou con discapacidade: así como a implicación de ascensores e/ou elementos que posibiliten ás persoas maiores ou con discapacidade, salvar desniveis entre a vía pública e a vivenda.

2.2 **Adaptación interior de vivendas** reestruturandoas intervindo naqueles elementos que impidan o normal uso das mesmas por persoas maiores ou discapacitadas.

### **3. Condicións de habitabilidade en materia de CONSERVACIÓN E SUSTENTABILIDADE.**

Segundo o Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, as intervencións propias deste ámbito darán resposta ás demandas dos usuarios que procuren unha mellora nas condicións xerais da súa vivenda, de tal xeito que non menos caben as condicións anteditas nin o seu valor arquitectónico ou ambiental. As condicións de habitabilidade responderán polo tanto, en sentido escrito a “condicións mínimas de habitabilidade” das vivendas obxecto da solicitude, en función do grao de cumprimento que se poida conseguir.

Entre outras, serán así catalogadas as seguintes actuacións:

3.1 **Actuacións necesarias por requerimento do IEE** para recuperar a función dos distintos elementos detectados como desfavorables en dito Informe de Evaluación do Edificio en:

3.1.1. Cubertas.

3.1.2. Azoteas.

3.1.3. Fachadas.

3.1.4. Medanerías.

3.1.5. Outros elementos comúns

3.2. **Actuacións que melloran a calidade e sustentabilidade reducindo nun 35% a demanda enerxética e cumprindo o especificado no DB-HE1:**

3.2.1. Mellora da envolvente enerxética do edificio.

3.2.2. Melloras nos dispositivos e compoñentes dos sistemas de calefacción, produción de A.Q.S, refrixeración e ventilación.

3.2.3. Instalación de equipos de xeneración que permitan a utilización de enerxías renovables.

3.3 **Actuacións no programa DOTACIONAL do edificio/vivenda**, mellorando as condicións da dotación mínima da vivenda no que se refire a equipamento e aparellos sanitarios que favorezan o aforro no consumo de auga mediante:

3.3.1. Aparellos sanitarios máis eficientes.

3.3.2. Implantación de redes separativas no edificio.

3.3.3. Sistemas de reutilización de augas grises e pluviais dentro do propio edificio.

3.4. **Actuacións en materia de RUÍDO** que melloren as condicións do edificio/vivenda no seu comportamento fronte ao ruído, cumprindo ou achegándose na medida do posible aos parámetros establecidos no DB-HR.

**ARTIGO 20.** O Concello, creará unha base de baremación para avaliar a preferencia da actuación, en base aos criterios obxectivos descritos nas Bases reguladoras.

## **CAPÍTULO X**

### **CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA**

As contías máximas totais das citadas achegas por anualidades, segundo figura no convenio, son as seguintes:

| Área de Rexeneración e Renovación e Renovación Urbana                  | Achega Ministerio de Fomento | Achega Comunidade Autónoma |
|------------------------------------------------------------------------|------------------------------|----------------------------|
| Área de Rehabilitación Integral e zona ampliada do Concello de Vilalba | 23.452,80 €                  | 6.690,00 €                 |

**CAPITULO XI****ACTUACIÓN SUBVENCIONABLES****ARTIGO 22** Actuacións subvencionables

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

- 1.- As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
- 2.- As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.
- 3.- A execución de obras e /ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Tamén serán subvencionables os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual ou ocuparan unha infravivenda ou chabola, a consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes en un novo entorno.

O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo da redacción de proxectos, dirección técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, así coma os gastos derivados da tramitación administrativa, e calquera outro gasto similar derivado da actuación, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

Poderanse acollerse ás axudas as actuacións iniciadas con posterioridade a 1 de xaneiro do ano da convocatoria en curso, pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes por parte dos interesados no período establecido ó efecto.

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

**TABLA BAREMACIÓN**

| CONCEPTO                                                      | PORMENOR                                        | BAREMO | vivenda / edificio | PUNTOS |
|---------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------|--------|--------------------|--------|
| VIVIENDA HABITUAL propietario ou inquilino                    |                                                 | 3      |                    |        |
| VIVIENDA EN ALUGUEIRO (cando solicita o propietario)          | OCUPADA                                         | 1,5    |                    |        |
|                                                               | (1) ALUGUEIRO                                   | 0,5    |                    |        |
| INGRESOS                                                      | $I \leq 3,5 \text{ IPREM}$                      | 5,5    |                    |        |
|                                                               | $3,5 \text{ IPREM} < I < 5 \text{ IPREM}$       | 3,4    |                    |        |
|                                                               | $5 \text{ IPREM} \leq I \leq 6,5 \text{ IPREM}$ | 1      |                    |        |
|                                                               | $I > 6,5 \text{ IPREM}$                         | 0,1    |                    |        |
| SEGURIDADE ESTRUCTURAL (Ele. resistentes que non xeren ruína) |                                                 | 2      |                    |        |
| VULNERABILIDADE social                                        |                                                 | 3      |                    |        |

|                                      |                                      |   |  |  |
|--------------------------------------|--------------------------------------|---|--|--|
| ACCESIBILIDADE                       | Eliminación de barreiras no edificio | 1 |  |  |
| DISCAPACIDADE (4)                    | 75%                                  | 4 |  |  |
|                                      | 65%                                  | 3 |  |  |
|                                      | 33%                                  | 2 |  |  |
| DIFICULTADE NA MOBILIDADE RECOÑECIDA |                                      | 6 |  |  |

(1) Débese demostrar fehacientemente que a vivenda está, dentro dunhos parámetros lóxicos de mercado, exposta ao mercado libre de alugueiro.

(2) Si o expediente é dunha vivenda individual dentro dun edificio multifamiliar, a vivenda, obxecto do expediente, deberá acredita-la mellora por si soa, mediante as obras propias de mellora xunto cos aparellos necesarios que contemplan a actuación respecto dos consumos globais

(3) No caso de obras de mellora reflectidas previamente no IEE (para o caso de edificios multifamiliares), se debe acreditar MELLORA NO COMPORTAMENTO ENERXÉTICO,

Dentro das combinacións posibles terá preferencia aquela que combine as casiñas de mobilidade (DISCAPACIDADE E DIFICULTADE NA MOBILIDADE RECOÑECIDA). Dentro deste apartado se contemplarán as situacións de calquera membro da un idade de convivencia recoñecida.

(4) No caso de que no edificio ou vivenda figuren persoas con discapacidade ou mobilidade reducida incrementarase a valoración correspondente.

#### TRATAMENTO DE DATOS DE CARACTER PERSOAL

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó rexistro público de subvencións. Así mesmo o Concello de Vilalba é o responsable do tratamento dos datos das persoas solicitantes e informase que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016 (GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:


Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención.

Criterios de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos. Comunicación dos datos: non se comunicarán os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento.
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento.
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (agpd.es) si considera que o tratamento non se axusta á normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Vilalba. Praza da Constitución, 1 27800 Vilalba (Lugo).

**AMBITO TERRITORIAL DE APLICACIÓN**

**Cuarto.-** Dar traslado del presente acuerdo a los servicios municipales responsables de su tramitación, así como su notificación a los interesados del expediente.

**Quinto.** Dar cuenta de este Decreto a la Junta de Gobierno Local, y al Pleno en la próxima sesión que se celebre

Lo manda y firma el Alcalde, don Agustín Baamonde Díaz, y ordena dar traslado al departamento correspondiente para su incorporación al expediente, de lo que yo Secretaria Ana Maria Rubiera Alvarez, doy fe.

En Vilalba, 21 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Agustín Baamonde Díaz.

R. 0539

**VIVEIRO***Anuncio*

Por medio da presente exponse ó público, para a presentación de reclamacións e suxerencias, por prazo de trinta días hábiles a Ordenanza sobre a Regulación do tráfico no Casco Antigo de Viveiro, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en data 6 de febreiro de 2019. As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

Viveiro, 11 de febreiro de 2019.- A ALCALDESA. María Loureiro García.

R. 0486

**ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA****XULGADO DO SOCIAL N ° 2 LUGO***Anuncio*

**SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL N° 2 DE LUGO,**

**HAGO SABER:** Que en el procedimiento **EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 134/2018** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de **GREGORIO MORENO SANTOS** contra **PABLO BARJA VEIGA, CASTROBARREDO SL** y **LINEANORTE MULTISERVICIOS SL**, se ha dictado decreto, en el día de la fecha, cuya parte dispositiva literalmente dice:

**ACUERDO:**

**a)** Declarar los ejecutados **PABLO BARJA VEIGA, CASTROBARREDO SL** y **LINEANORTE MULTISERVICIOS SL**, en situación de insolvencia, para el resultado de la presente ejecución, por importe de **2.164,19 euros**, insolvencia que se entenderá, a todos los efectos, como provisional.

**b)** **Archivar** las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes de los ejecutados.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

**MODO DE IMPUGNACIÓN:** Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323000031013418 en el BANCO SANTANDER. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA** a **LINEANORTE MULTISERVICIOS SL**, en ignorado paradero, a la que se advierte que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento, o de decreto que resuelva un incidente o ponga fin al procedimiento, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

LUGO, a ocho de febrero de dos mil diecinueve.-**EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0487

**XULGADO DO SOCIAL N ° 3 LUGO***Anuncio*

**D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 003 de LUGO, HAGO SABER:**

Que en el procedimiento **DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000807 /2017** de este Juzgado de lo Social, seguidos a instancia de **D/Dª LAURA VAZQUEZ CASTRO** contra la empresa **GESBI BIENES Y SERVICIOS SL**, sobre **DESPIDO**, se ha dictado la siguiente resolución, cuya parte dispositiva se adjunta:

**“Acuerdo aprobar la avenencia** alcanzada entre las partes en el día de la fecha y archivar las actuaciones.”

Y para que sirva de notificación en legal forma a **GESBI BIENES Y SERVICIOS SL**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a doce de febrero de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0488

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – DEPUTACIÓN

#### *Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 15 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2019 E OS MODELOS DE SOLICITUDE.

BDNS (Identif.): 440638

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

#### **Primeiro.- Beneficiarios:**

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro, que os destinatarios formen parte do conxunto demográfico lucense e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases dentro do marco de cada liña e de acordo coas condicións establecidas na presente convocatoria en cada unha das distintas liñas de axudas.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades ás que fai referencia o punto A das finalidades (actividade competitiva) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede na provincia de Lugo) cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe da súa páxina web no momento de aprobación destas bases e que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base, que desenvolvan a actividade competitiva e deportiva para a que solicitan a axuda na provincia de Lugo.

Poderán solicitar axudas para as accións ou actividades que fai referencia o punto B das finalidades (organización de evento deportivo) todos aquelas entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (con sede e/ou delegación na provincia) que desenvolvan eventos deportivos de CARÁCTER PUNTUAL (duración entre 1-6 horas a máis de 80) na provincia de Lugo das disciplinas e especialidades deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe da súa páxina web no momento de aprobación destas bases e que se relaciona no ANEXO A destas bases con especial incidencia no deporte saudable, no deporte feminino e no deporte adaptado, e especialmente ao abeiro de competicións oficiais organizadas pola Federación oficial respectiva e da súa normativa. O evento para o que se solicite a axuda cinguirase unicamente a un (1) único evento de carácter puntual.

#### **Segundo. Obxecto:**

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrancia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2019. En consecuencia, quedan excluídas da presente convocatoria as sociedades anónimas deportivas.

A. Liña de axudas á actividade competitiva federada

B. Liña de axudas para a organización de evento deportivo

#### **Terceiro. Bases reguladoras**

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://run.gob.es/owqlth>

<http://run.gob.es/owqlth>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2019.

<http://run.gob.es/owqlth>

#### **Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo**

- Cuantía: 500.000,00 €.

|                                                            |                     |
|------------------------------------------------------------|---------------------|
| <b>A. Liña de axudas á actividade competitiva federada</b> | <b>415.000,00 €</b> |
|------------------------------------------------------------|---------------------|

|                                                  |                    |
|--------------------------------------------------|--------------------|
| <b>B. Liña de axudas para eventos deportivos</b> | <b>85.000,00 €</b> |
|--------------------------------------------------|--------------------|

- A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa para cada liña:

| LIÑA                             | IMPORTE MÍNIMO | IMPORTE MÁXIMO |
|----------------------------------|----------------|----------------|
| Axudas á actividade competitiva  | 300 €          | 4.000 €        |
| Axudas á organización de eventos | 300 €          | 2.000 €        |

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

**Sexto. Outros datos**

Non se concederán anticipos de pagamento anteriores á xustificación da subvencións.

Lugo, 20 DE FEBREIRO DE 2019.- O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde.

R. 0538

**COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE VILAUDRIZ***Anuncio*

De acordo co establecido no artigo 201 do RD 849/1986 do 11 de abril, polo que se aproba o RDPH, e en relación coa tramitación da solicitude de concesión de augas de catro mananciais denominados fontes de Coudarrío no monte de Vilaoudriz con destino a uso doméstico e gandeiro e dando cumprimento do acordo tomado na Sesión Ordinaria do pasado 2 de febreiro de 2019, procedo á exposición pública dos estatutos da comunidade de usuarios de augas aprobados na citada xunta por un prazo de 30 días para que poidan ser examinados por quen teña interés neles.

**Lugar:** Taboleiro de anuncios do Concello de A Pontenova.

Vilaoudriz (A Pontenova), a 14 de febreiro de 2019.- José Rico Rodríguez, Presidente da comunidade de usuarios de augas.

R. 0489